

Situación: Vilagarbín, concello de Vilalba.

Finalidade: mellora da subministración na zona.

Características principais: liña de media tensión de 20 kV con conductor LA-56, e sobre apoios de formigón ou torres metálicas, orixe na L.M.T. ó C.T. de Rebordeos e final nos centros de Vilagarbín, cunha lonxitude de 1.161 metros. Centro de transformación de 50 kVA sobre torre metálica, de 20 kV, 380/220 V. Rede de baixa tensión con conductor R.Z.-25 e R.Z.-25 e apoios de formigón.

Procedencia dos materiais: nacional.

Presuposto: 6.902.498 pesetas.

O que se fai público para que poida ser examinado o proxecto da instalación nesta delegación provincial, r/ Pascual Veiga, 12-14, e poidan formularse ó mesmo tempo as reclamacións, por duplicado, que se consideren oportunas, no prazo de trinta días, a partir do seguinte ó da publicación desta resolución.

Lugo, 22 de outubro de 1993.

Jesús Bendaña Suárez
Delegado provincial de Lugo

Resolución do 25 de outubro de 1993, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 3.887 A.T.).

Para os efectos previstos no artigo 9 do Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro, ábrese información pública sobre a seguinte instalación eléctrica:

Peticionario: *Barras Eléctricas Galaico-Asturianas, S.A.*, Lugo, Cidade de Viveiro, 4.

Finalidade: subministración de enerxía ó edificio *Ardei II, S.L.* na rúa Constitución de Foz.

Orixe da liña: no C.T. Rífer II e C.T. A Praza.

Final: no C.T. que se vai instalar.

Situación do transformador: no edificio *Ardei II, S.L.*

Características: liña de media tensión subterránea de 20 kV, cunha lonxitude de 426 metros, cable 1 x 95 mm² Al Eprotenax. Centro de transformación 1 x 400 kVA 20.000 ± 5%, 398/230 V.

Presuposto: 4.054.535 pesetas.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-los seus escritos, por triplicado, con cantas alegacións coiden oportunas, nesta delegación provincial, rúa Pascual Veiga, 12-14, no prazo de 30 días contados a partir da publicación desta resolución.

Lugo, 25 de outubro de 1993.

Jesús Bendaña Suárez
Delegado provincial de Lugo

Resolución do 28 de outubro de 1993, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 3.895 A.T.).

Para os efectos previstos no artigo 9 do Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro, ábrese información pública sobre a seguinte instalación eléctrica:

Peticionario: *Barras Eléctricas Galaico-Asturianas, S.A.*, Lugo, Cidade de Viveiro, 4.

Finalidade: subministración de enerxía eléctrica ó edificio *Arco da Vella, S.L.* no Valadouro.

Orixe da liña: no C.T. vivendas sociais.

Final: no C.T. que se vai instalar.

Situación do transformador: no edificio.

Características: liña de media tensión subterránea a 20 kV, cunha lonxitude de 992 metros cable 1 x 95 mm² Al. Centro de transformación 2 x 400 kVA 20.000 ± 5%, 398/230 V.

Presuposto: 5.166.435 pesetas.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-los seus escritos, por triplicado, con cantas alegacións coiden oportunas, nesta delegación provincial, rúa Pascual Veiga, 12-14, no prazo de 30 días contados a partir da publicación desta resolución.

Lugo, 28 de outubro de 1993.

Jesús Bendaña Suárez
Delegado provincial de Lugo

Resolución do 10 de novembro de 1993, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 208/1993 A.T.).

Para os efectos previstos no artigo 9 do Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro, sométese a información pública a petición de instalación dunha liña de M.T. e un centro de transformación, que ten as seguintes características especiais:

Peticionario: *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*

Lugar no que se vai establece-la instalación: desde o apoio nº 56 da L.M.T. Mourente-Dorna ata o C.T. que se proxecta en Cachadiñas, concello de Cotobade.

Finalidade da instalación: mellora-lo servicio eléctrico na zona.

Características principais: liña de M.T., aérea, a 15/20 kV, de 77 m de lonxitude, con conductores tipo LA-30 e apoios de formigón. Un centro de transformación de 100 kVA, relación de transformación 15.000/20.000/380-220 V.